

## MANUAL DE LINGUAXE NON SEXISTA

### 1.- CONCEPTOS BÁSICOS NA COMUNICACIÓN E O XÉNERO SEXO

Categoría que se refire ás características biolóxicas dos seres humanos que os define como varón e femia. Trazo biolóxico.

#### XÉNERO

Construción sociocultural que varía segundo o tempo, a sociedade e o lugar, e define os trazos característicos do que se considera masculino e feminino nunha sociedade determinada.

Constitúe tamén unha categoría analítica que permite visualizar as relacións que se establecen entre homes e mulleres nun contexto dado. Trazo cultural.

#### IGUALDADE DE MULLERES E HOMES

Eliminación de calquera discriminación por razón de sexo que limite a oportunidade de acceder e desenvolverse en igualdade en calquera ámbito: político, social, económico, cultural, afectivo, educativo, etc.

Ten dúas dimensións:

n Cuantitativa: Proporción equilibrada na esfera pública e privada.

n Cualitativa: Mesma valoración social do coñecemento, experiencia e valores das mulleres e dos homes.

#### MAINSTREAMING-TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

Aplicar sistematicamente a perspectiva de xénero en todas as accións, programas e políticas e en todas as súas fases de análise, metodoloxías, planificación, execución e avaliación.

#### PERSPECTIVA DE XÉNERO

Enfoque non só limitado ás mulleres.

Implica ter en conta as relacións entre mulleres e homes e como afectan estas ás oportunidades e ao estilo de vida.

#### COMUNICACIÓN CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Implica incluír na linguaxe e as imaxes un trato igualitario e respectuoso cara ás mulleres e homes, utilizando todos os recursos e ferramentas dispoñíbeis que nos ofrece a lingua.

#### LINGUAXE ANDROCÉNTRICO

O emprego reiterado de voces masculinas en sentido xenérico, agás en actitudes, comportamentos, profesións, etc. relacionados tradicionalmente co xénero feminino. Igualmente, a redacción lingüística androcéntrica ten en conta a experiencia dos homes esquecendo a existencia das mulleres.

#### IMAXES ANDROCÉNTRICAS

Supón a ausencia de representación das mulleres en todos os ámbitos nos que a súa presenza e participación é unha realidade constatable.

## LINGUAXE SEXISTA

O sexismo mantén a través da lingua unha orde xerárquica presentando ás mulleres minorizadas e/ou relacionadas con valores como: debilidade, pasividade, dependencia, etc.

## IMAXES SEXISTAS

Maniféstase a través da representación das mulleres e dos homes de forma nesgada, parcial ou discriminatoria.

### 3. COMO EVITAR O SEXISMO NA LINGUAXE?

#### ***Por que moitos usos lingüísticos sexistas acontecen de forma inconsciente e non intencionada?***

Os valores sexistas e androcéntricos aínda están moi ancorados no imaxinario colectivo das nosas sociedades, ata o punto de seren os valores dominantes. Xustamente ao seren dominantes, estes valores preséntanse como neutrais, obxectivos, “normais” e “naturais” e vanse adquirindo de forma acrítica e inconsciente, tanto por homes como por mulleres.. Esta inconsciencia fai que moitas veces o sexismo lingüístico non sexa intencionado, pero esa falta de intencionalidade non elimina os efectos perniciosos deses usos lingüísticos.

#### ***Por que a linguaxe inclusiva é importante para avanzar cara a un mundo máis igualitario?***

A linguaxe inclusiva busca tratar de forma simétrica mulleres e homes a nivel lingüístico, pero sobre todo gañar precisión e exactitude a nivel cognitivo sen invisibilizar nin estereotipar ningún dos sexos. Deste xeito, a linguaxe inclusiva é vital para cambiar o repertorio de significados que transmite a linguaxe e para permitir unha representación máis igualitaria da realidade que contribúa a construír formas de pensamento tamén máis igualitarias. Xa que a lingua reflicte a realidade, a linguaxe inclusiva debería ser capaz de reflectir os cambios sociais que se van producindo cos avances en igualdade (por exemplo, coa incorporación de mulleres a profesións antes masculinizadas e viceversa). Mais, xa que a lingua tamén constrúe a nosa visión da realidade, a linguaxe inclusiva é un xeito de ter sempre presente que o mundo está constituído por homes e mulleres. Empregar unha linguaxe inclusiva non sexista contribuirá, pois, ao cambio social cara a unha sociedade igualitaria, en tanto que nos obriga a pensar conscientemente en como se fala e a reflexionar sobre os papeis de mulleres e homes na sociedade.

\_ Evitando asociacións verbais que superpoñan á idea da muller outras ideas como debilidade, pasividade, labores domésticos, etc. que supoñan unha minorización das mulleres.

\_ Evitando a mención das mulleres unicamente na súa condición de nais, esposas, é dicir, en función de con quen se relacionen.

### 4.- ALTERNATIVAS NON SEXISTAS AO USO SISTEMÁTICO DO MASCULINO

O **uso sistemático do masculino** (no singular ou no plural) para referirse aos **dous sexos** non sempre consegue representalos, pois, ademais de crear constantes **ambigüidades e confusións** nas mensaxes, pode ocultar a muller. Para evitar o **abuso do masculino** é posible acudir a outros recursos dos que a lingua dispón.

Entre estes encóntranse, non só **procedementos lexicosemánticos**, senón tamén morfosintácticos, pero por razóns didácticas cremos conveniente axuntalos como segue:

- \_ A utilización de substantivos xenéricos ou colectivos
- \_ O emprego de perífrases
- \_ A introdución das construcións metonímicas
- \_ O uso de desdobramentos

- \_ O uso de barras
- \_ A introdución de aposicións explicativas
- \_ A omisión de determinantes
- \_ O emprego de determinantes sen marca de xénero
- \_ A utilización das estruturas con se
- \_ O emprego de determinadas formas persoais dos verbos
- \_ O uso das formas non persoais dos verbos

De todos os xeitos, e tendo en consideración estas alternativas, pódese seguir utilizando, de acordo coas normas do galego, o masculino plural como xenérico naqueles contextos nos que resulte suficientemente claro que inclúe a ambos sexos e non resulte confuso.

- \_ Substantivos xenéricos e colectivos

Na nosa lingua existe un bo número de substantivos que, con independencia de que teñan xénero gramatical masculino (*personaxe, colectivo, grupo, pobo, equipo*) ou feminino (*persoa, parella, criatura, xente, colectividade, asemblea, asociación*), fan referencia tanto a homes como a mulleres.

O seu uso é preferíbel, sempre que sexa posible, á utilización do masculino xenérico.

**Non:**

- > *Os traballadores da empresa*
- > *Os funcionarios que sufriron unha mingua nos seus salarios*

**Proposta de cambio:**

- > *O persoal da empresa*
- > *O funcionariado que sufriu unha mingua nos seus salarios*

- \_ Perífrases

Para que o masculino xenérico non produza confusión, pode, en ocasións, substituírse por perífrases do tipo persoal sanitario, as persoas que exercen, etc.

**Non:**

- > A CNT é o único sindicato no que quen decide son os traballadores sen intermediarios

**Proposta de cambio:**

- > A CNT é o único sindicato no que decide a clase traballadora sen intermediación

- \_ Construcións metonímicas

Para evitarmos o masculino xenérico podemos, en determinadas circunstancias, aludir ao cargo, profesión ou titulación que se posúe e non á persoa que os desempeña.

**Podemos utilizar:**

*A patronal*  
*Xerencia*  
*Dirección*  
*Xefatura*  
*Secretaría*  
*Presidencia*  
*Tesouraría*  
*Avogacía*  
*Xudicatura*  
*Coordinación*  
*os coordinadores*

**En lugar de:**

*os xefes*  
*os xerentes*  
*os directores*  
*os xefes*  
*os secretarios*  
*os presidentes*  
*os tesoureiros*  
*os avogados*  
*os xuíces*

*Estas propostas son orientativas e non deben interpretarse como solucións válidas en todos os contextos, pois non sempre termos como dirección, xefatura, etc. poden substituír no discurso a xefes-xefas, patróns... etc.*

#### \_ Desdobramentos

A posíbel ambigüidade do masculino xenérico pode evitarse desdobrando os termos e alternando a orde de presentación para non dar sistematicamente prioridade ao masculino sobre o feminino.

Non obstante, se nos atemos ás recomendacións da Real Academia da Lingua Española, esta indica “os desdobramentos son artificiosos e innecesarios desde o punto de vista lingüístico. Nos substantivos que designan seres animados existe a posibilidade do uso xenérico do masculino para designar a clase, é dicir, a todos os individuos da especie, sen distinción de sexos: *Todos os cidadáns maiores de idade teñen dereito ao voto.*”

A mención explícita do feminino xustifícase só cando a oposición de sexos é relevante no contexto: *O desenvolvemento evolutivo é similar nos nenos e nas nenas desa idade.*

A actual tendencia ao desdoblamento indiscriminado do substantivo na súa forma masculina e feminina vai contra o principio de economía da linguaxe e fúndase en razóns extralingüísticas. Polo tanto, deben evitarse estas repeticións, que xeran dificultades sintácticas e de concordancia, e complican innecesariamente a redacción e lectura dos textos.

O uso xenérico do masculino baséase na súa condición de termo non marcado na oposición masculino/feminino. Por iso, é incorrecto empregar o feminino para aludir conxuntamente a ambos os sexos, con independencia do número de individuos de cada sexo que formen parte do conxunto. Así, *os alumnos* é a única forma correcta de referirse a un grupo mixto, aínda que o número de alumnas sexa superior ao de alumnos varóns.”

#### **Non:**

> Os traballadores da empresa

#### **Propostas de cambio:**

> As e os traballadores da empresa

> Os e as traballadoras da empresa

> Os traballadores e as traballadoras da empresa

> As traballadoras e os traballadores da empresa

#### \_ Barras e arrobas

Se nos documentos hai **problemas de espazo**, pódense utilizar os dobretes mediante barras e arrobas.

#### **Exemplos:**

> Saúde, compañeiros/as

> Tod@s@s traballado@s (resulta cómodo de escribir pero non tanto a lectura)

#### \_ Aposicións explicativas

Para evitar o aburrimiento que xeran tanto os desdobramentos como os dobretes con barras e arrobas, pódese recorrer ás aposicións explicativas ou outro tipo de complementación similar que clarifiquen que o masculino está utilizado de modo xenérico, impedindo así outra interpretación.

**Non:**

> *A filosofía que subxace respecto aos desempregados*

> *Queda claro que os traballadores terán que cotizar 38 anos e medio*

**Podemos utilizar:**

> *A filosofía que subxace respecto aos desempregados, tanto mulleres como homes*

> *Queda claro que os traballadores, dun e outro sexo, terán que cotizar 38 anos e medio*

**Non:**

> *O titular da conta*

**Podemos utilizar:**

> *Titular da conta*

**Non:**

*Faráse saber individualmente a todos os membros da asemblea*

**Podemos utilizar:**

*Faráse saber individualmente a cada membro da asemblea*